

# GRUPO MUNICIPAL



**MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ**, Viceportavoz do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Rexistro do Pleno, ao abeiro dos artigos 49, 2) e 67, J) do Regulamento do Pleno, as preguntas que se formulan tras a seguinte

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses a Policía Local vén realizando unha especial vixilancia ao colectivo de senegaleses dedicados á venda ambulante de paraugas de forma ocasional. Esa vixilancia é ordenada os días de chuvía polos mandos da policía, seguindo instrucións da Concellería de Seguridade, e constitúe un caso singular de control sobre un colectivo concreto pola súa raza ou procedencia.

Aos senegaleses que venden paraugas pídenselles os documentos de identidade, son trasladados a comisaría en caso de estaren indocumentados e mesmo se lles incautan os paraugas, aplicando a “lei mordaza” que este goberno local critica por ser un retroceso nas liberdades colectivas. Así, nas zonas céntricas da cidade podemos ver a este colectivo saír a carreira ao percibir a presenza policial, situación que non pasa con outras vendas ambulantes. Mesmo se deron casos, ante os ollos de moitos veciños, nos que os axentes actuaron cunha contundencia desproporcionada.

## PREGUNTAS (Á CONCELLEIRA DE SEGURIDADE CIDADÁ)

1. ¿Que circunstancia motiva o plan policial especial de control ao colectivo de persoas senegalesas ocasionalmente dedicadas á venda de paraugas?
2. ¿Que ordes se lle deron á Policía Local en materia de venda ambulante e outras actividades na vía pública?
3. ¿Por que a represión se centra en exclusiva no colectivo de nacionalidade senegalesa?
4. ¿Por que esta vixilancia especial comezou nos últimos meses, tolerándoo durante anos, igual que outras actividades similares na rúas de Pontevedra?
5. Diante da cada vez maior presenza de persoas doutras nacionalidades na nosa cidade, ¿considera o goberno do concello que fai o suficiente para a formación dos traballadores municipais no respecto aos dereitos das persoas doutras culturas?

Pontevedra, 14.03.2016

A Viceportavoz do GM Marea Pontevedra. **MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ**